

**MEMORIA FINAL DA RECTIFICACION DA
CUBERTA E
TEITADO DA CABAÑA DE
SANTA TEGRA**

(A Guarda, PONTEVEDRA)

MEMORIA

2009



Terra - Arqueos S.L.

02. P. 001. 2009. 002

**INFORME FINAL DA RECTIFICACION DA CUBIERTA E TEITADO
DA CABAÑA DE SANTA TEGRA.**

(A Guarda, PONTEVEDRA)

1.- INTRODUCCIÓN.

2.- O XACEMENTO CASTREXO DE SANTA TEGRA

**3.- VALORACIÓN PATRIMONIAL E OBXECTIVOS DA
ACTUACIÓN.**

4.- A CAMPAÑA 2009

4.1.- Consolidación e Recuperación de estruturas

- Estado de conservación
- Tratamento realizado
- Teitado

5.- PLANIMETRIA.

6.- DOCUMENTACION GRAFICA

Miguel Angel López Marcos

Luis Fco. López González

2. O XACEMENTO DE SANTA TEGRA

Seguindo a política arqueolóxica da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, i en base o encargo realizado pola conselleria de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia coordinado pola Delegación Territorial de Pontevedra determinouse, a realización dunha campaña de RECTIFICACION DA CUBIERTA E TEITADO DA CABAÑA DE SANTA TEGRA, en Pontevedra.

Dada a importancia deste ben patrimonial pretendemos aproximar o noso pasado o público en xeral a través da posta en valor deste elemento patrimonial, xa que se trata dun xacemento escavado nunha gran superficie e que recibe o ano miles de visitantes xa que é representativo dunha fase de gran importancia do noso pasado, a Cultura Castrexa.

Aínda que os criterios de investigación priman sempre sobre os demais obxectivos, as tarefas que se van a realizar teñen que ver coa definición e conservación do xacemento de xeito que podase mellorar o estado dos restos e a comprensión que o público ten deles.

Con este fin, preséntanse nesta memoria de intervención do ano 2009, as valoracións obtidas como corresponde a unha intervención nun ben patrimonial galego, seguindo as disposicións dos Servicios Técnicos de Arqueoloxía da Dirección Xeral de Patrimonio.

2. O XACEMENTO DE SANTA TEGRA.

O Castro de Santa Tegra foi descuberto en 1913, por casualidade ao construír unha obra pública, concretamente unha estrada. Este castro converteuse nun dos máis importantes de Galicia, ademais dos máis visitados e coñecidos do noroeste español. Foi declarado Monumento Histórico Artístico en 1931.

Situado nun punto estratéxico, xunto á desembocadura do Río Miño, os campos de cultivo e pasteiros relativamente próximos, propiciaron o crecemento desta citania, da que se escavou unha pequena parte.

Aínda que se poden ver vestixios que afunden as súas raíces en tempos máis antigos, como diversos petróglifos, o Castro de Santa Tegra data do período castrexo tardío ou tamén castrexo II, datado entre os séculos II a.c. e II d.c., neste castro empézanse a notar as influencias da cultura romana, que acabaría por absorber toda a Península Ibérica.

A súa situación na ladeira do monte cunha gran pendente achégalle un carácter defensivo natural, ademais este castro contaba cunha muralla garantindo mais aínda a seguridade dos seus habitantes.

O recinto amurallado do Castro, corresponde a época probablemente romana, ocupa unha extensión aproximada de 700 m. de longo en dirección Norte-Sur, por 300 m. de ancho en dirección Este-Oeste. É un dos castros tardíos de maiores dimensións do Noroeste. Existen dúas portas de entrada coñecidas, unha polo Norte, e outra polo Sur -segundo Calvo e Mergelina-, aínda que en realidade, esta última está situada no Sueste, posiblemente exista unha terceira polo Sur.

Aparentemente, na zona escavada do poboado parece existir un urbanismo caótico, isto é así en certo sentido; pero unha observación máis detallada, aprécianse certos elementos racionais e comunitarios. Aparecen pequenas prazas e rúas estreitas, algunhas delas enlosadas, que separan grupos de construción. Varias destas rúas utilizan escaleiras para salvar as pendentes. Outros elementos, como os muros de contención de terras, concheros, ou

vertedoiros, fálannos da existencia dun urbanismo; primitivo, pero urbanismo a final de contas.

As vivendas son de tipo circular, aínda que existe algunha con forma ovalada e outras con forma rectangular. As casas teñen un só habitáculo, algunhas contan con soportal exterior e forno, ademais contan con poucas fiestras e o teito é de masa vexetal, do que actualmente pódense ver varias reconstrucións delas. A separación entre distintas casas é pequena, existindo diversas callejas e algún espazo publico. Este castro é dos de maior tamaño dos escavados en Galicia.

Practicamente desde o descubrimento do xacemento arqueolóxico e as súas distintas escavacións, crearse un museo xunto ao castro, onde poden verse distintos materiais atopados alí, como fíbulas, moedas, tallas en pedra, ferramentas, etc

Bibliografía

- Mergelina, C. "La Citania de Santa Tecla. La Guardia (Pontevedra)". *Boletín del Seminario de Estudios de Arte y arqueología*, XXXVII-XXXIX. Universidad de Valladolid. Valladolid. 1944-1945, pp. 13-56.
- de la Peña Santos, Antonio (2001): *Santa Trega, un poblado castrejo-romano*. Abano editores, Orense. ISBN 84-930757-6-0.
- de la Peña Santos, Antonio (1986): *Yacimiento galaico-romano de Santa Trega (La Guadía, Pontevedra): campaña 1983*. Dirección General de Cultura y Patrimonio Artístico de la Junta de Galicia, Santiago de Compostela. ISBN 84-505-3340-6. (en castelán).
- Barciela Garrido, Pilar e Rey Seara, Eusebio (2000): *Xacementos arqueolóxicos de Galicia*. Edicións Xerais de Galicia, Colección Roteiros. páxs. 180-187. ISBN 84-8302-484-5
- Castro Paredes, Inmaculada (2001): "Catálogo y estudio de un conjunto de fibulas anulares de aro interrumpido en el Castro de Santa Tegra (La Guardia, Pontevedra)", en *El Museo de Pontevedra*, 55, páxs. 7-18. ISSN 0210-7791.
- <http://www.aguarda.com/museo/castro>

3.- VALORACIÓN PATRIMONIAL E OBXETIVOS XERAIS DA INTERVENCIÓN.

O interés en potenciar a ordenación e conservación dos restos e do seu entorno, converte iste xacemento nun conxunto de notable interés para a comprensión histórica e coma referente de identidade colectiva da comunidade.

O proxecto parte da definición deste ben patrimonial a partir de metodoloxías arqueolóxicas e científicas que teñen en conta por suposto a súa conservación futura. A finalidade principal, como punto de partida é revalorizar este ben cultural, que presenta unha potencialidade inmellorable, tanto na súa localización nun punto xeográfico excepcional, como na conservación das súas estruturas monumentais, así coma na posibilidade de intervir administrativamente, xa que non se pode esquecer a vantaxe que supón ter a disposición dos terreos por parte dun organismo público para efectuar todos os traballos reseñados, así como o forte interés local por recuperar parte de seu pasado.

A circunstancia excepcional de que este xacemento se atope nun punto xeográfico privilexiado converten o seu conxunto un patrimonio cultural único e irrepetible, con condicións inmellorables no que respecta a súa situación dentro do paisaxe da costa

Hoxe en día atopámonos cunha oportunidade única de preservar este ben patrimonial e intervir nil para de xeito que o esforzo e a inversión garanten a súa transformación nun recurso cultural de primeiro orden.

As principais necesidades que se atenderon nesta actuación de posta en valor son en concreto unha serie de traballos encamiñados a conservación do xacemento.

- Definición das estruturas a intervir e funcionalidade de ditos espazos, mediante o estudo arqueolóxico. Pretendese rentabilizar unha intervención con base principalmente científica compaxinando o coñecemento coa posibilidade de rentabilizar socialmente o traballo arqueolóxico.

- Consolidación e recuperación de estruturas. A consolidación vai encamiñada a poder integrarse no proxecto de visita o xacemento.



4.- OBXECTIVOS DOS TRABALLOS DO ANO 2009

A finalidade destes traballos coma xa dixemos van encamiñados cara dous tipos de obxectivos que dependen os uns dos outros. Por un lado necesitamos coñecer a *Definición* das estruturas a consolidar, e polo tanto realizar o rexistro e a documentación precisa das estruturas do xacemento. Posteriormente ten que realizarse a consolidación tendo en conta a necesaria *divulgación e difusión* do mesmo.

A intervención será coordinada por un arqueólogo que a súa vez dirixirá todas as tarefas e ademais encargarse da supervisión dos traballos de acondicionamento e consolidación do poboado castrexo, co fin de asegurar unha caracterización do poboado fiel a súa aparencia histórica, e a elaboración da memoria de intervención.

Estes traballos desenrollaranse en varios niveis de actuación definidos polas características da súa execución e que veremos con máis detalle a continuación:

- 1.- Retirada de muro forestal.
- 2.- Recrecido dos paramentos en mais dun metro en todo o perímetro da vivenda, co fin de conseguir suficiente altura para executar voladizo sobre o porche da entrada, rectificando a posición do dintel da entrada, ademais do envellecido de ambos lenzos en todo o perímetro, incluído material e man de obra.
- 3.- Retirada do poste central e nova colocación dos paos de coroación debidamente encastrados na construción e bastrenados. Colocación de travesa de unión en paos de castiñeiro a medio pao para a posterior atado do colmo e a execución do medio fallado no interior da vivenda, incluído o material e a man de obra.

4.- Teitado con colmo de centeo da superficie total da cabaña debidamente coroada e con espesor suficiente para prever as variacións do clima, atadas con bincallos o estilo tradicional, feita a coroación e rematado con voladizo, incluído material transporte e man de obra.

5.- Acondicionamiento do entorno da vivenda castrexa e acondicionamento xeral.

4.1. RECUPERACIÓN DE ESTRUTURAS.

Un plan de traballo coherente sobre un elemento patrimonial debe acometer unha ambiciosa fase de estudio e protección do mesmo. Estas dúas premisas son básicas para a execución das labours propostas no xacemento

O acondicionamento e restitución é sin dúbida, necesaria xa que da unha maior resistencia o conxunto, e dota o xacemento dunha gran cohesión fronte o visitante.

Os traballos de consolidación centraronse no sector sinalados nos planos adxuntos:

- Sector ocupado pola vivenda: consolidación de unha estrutura circular e no seu contorno ata o muro forestal que a delimita.

A presente intervención do ano 2009, foi realizada con fin de cumprir diferentes obxetivos en pro da mellora do xacemento en relación a súa conservación e visitabilidade. O principal obxectivo foi a eliminación do impacto antrópico na zona contigua á cabana reconstruída. E segundo recuperar a visión histórica dos hábitos de vida castrexa a través da súa arquitectura.

Co este obxectivo se procede a retirada do muro forestal que desvirtúa a visión do poboado, aínda máis co paramento que é exacto as casas castrexas. Deste modo, vanse eliminados os elementos antrópicos que fan a descomprensión do xacemento.

TRATAMENTO REALIZADO

ESTADO DE CONSERVACIÓN

O estado de conservación da zona a intervir no é moi malo. Únicamente na zona dos muros de contención e tras a escavación e limpeza dos mesmos constatouse o vencemento da parte dos mesmos sobre a vertical, sendo necesario a desmontaxe destes ata cegar ao fallo estrutural para realizar a posterior anastilose dos paramentos.

As dependencias non presentan complicacións nin problemas de conservación específicos á excepción dos derivados da exposición descontrolada de biofitos

O estado da cuberta da vivenda a intervir e totalmente ruinoso, por mor do paso do tempo e pola invasión de prantas trepadoras que desfixeron todo a parte da csa que da cara o mauro posterior.

Tamén é un elemento distorsionador o muro forestal polo que propusose a súa retirada.

A acumulación de pedreiras no interior das dependencias provoca igualmente problemas de conservación nas construcións debido ao exceso de presión transmitida polo peso do derrube.

TRATAMENTO REALIZADO

Co fin de aproximarnos a unha mellor comprensión dos elementos constructivos das vivendas da citania de Santa Tegra, planteouse a rectificación da cubrición e teitado dunha das vivendas recreadas no xacemento. Co este fin realizouse os seguintes traballos:

Unha vez consultados todos os datos referentes as características recollidas nos traballos arqueolóxicos e vistas as características constructivas da edificación, procediuse a incluír na vivenda que basicamente corresponde cos seguintes pasos i elementos a incluír:

1.- Unha vez determinada a estrutura definitiva como xa dixemos, procediuse á retirada dos elementos de cubrición existentes incluído os madeiros de sección cadrada, o poste central que suxeita o teito e o material vexetal que serve de cuberta, hoxe en día moi deteriorada.



2.- Posteriormente preparáronse as cabeceiras dos muros tanto da vivenda como do seu espacio anterior ou porche. Iso supuso o recrecido dos paramentos en mais dun metro en todo o perímetro da vivenda, co fin de conseguir suficiente altura para executar voladizo sobre o porche da entrada, e a rectificación da posición do dintel da entrada, ademais do envellecido de ambos lenzos en todo o perímetro.

Recrecéronse entre dúas e catro fiadas de pedra con morteiro de cal tinxido con pigmentos naturais. Utilizouse como separador elementos cerámicos similares aos xa existentes.

A xunta entre pedras recintouse coa mesma terra penetrada e aglutinada cun latex vinílico. O interior reencheuse con ripio e xabre previa realización dunha drenaxe parcial para dar saída a auga.



TEITADO

Unha vez asegurado e consolidadas as cabeceiras, colocose os paus de castiñeiro da estrutura principal ou vivenda, entorno a uns 16-18 paus de sección circular e asentados e amarrados na cabeceira dos muros individualmente, e no cumio a modo de cono. De igual xeito colocose os paus verticais as soportes de madeira que apoiaran no muro do proche, e as correspondentes traves que os unen entre si e coa propia vivenda.

Ademais colocose na vivenda unha trabe co fin de conseguir medio fallado.



Unha vez colocada a estrutura procediuse a atar todos os paus, tanto os da vivenda como os do porche, por medio de medios paus de castiñeiro coa sección plano cara arriba e a parte curva cara abaixo, co fin de conseguir un teitado coherente e según dicta a tradición.



Unha vez rematados os traballos de teitado executose a colocación de medio fallado, e unha vez asentada a estrutura diouse un tratamento as madeiras para aumentar a perdurabilidade.

Posteriormente realizouse o teitado da vivenda e do porche según a técnica tradicional co palla desgranada de centeo e cortada amán co fin de que perdure máis no tempo. Este teitado con colmo de centeo ten un espesor medio de 30-40 cm e vai atado con bincallos fetios coa mesma palla. O acabado faixe co espadaña e sen fisuras ou escalonamentos co fin de garantir a perdurabilidade.

5.- DOCUMENTACION PLANIMETRICA.



CASTRO DE SANTA TEGRA

ZONAS DE INTERVENCION AÑO 2009



PLANTA XERAL

INTERVENCION ARQUEOLOXICA NO CASTRO DE SANTA TREGA, 2009




CASTRO DE SANTA TEGRA. GRUPO MERGUELINA



PLANO
2

ZONAS DE INTERVENCION
CONSTRUCCIÓN RESTAURADA

Escala.



Memoria da intervención arqueolóxica.

A GUARDIA 2009

XUNTA DE GALICIA
CONSELLARÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Terra Arqueos S.L.

ZONA DA INTERVENCION

6.- DOCUMENTACION FOTOGRAFICA.



SANTA TEGRA

ZONA DA INTERVENCION



Vista xeral do sector da intervención, antes de escomenzar.

SANTA TEGRA

ZONA DA INTERVENCION



Vista xeral do sector da intervención unha vez acondicionados os muros e levantados en altura. A dereita vista da palla adquirida.



SANTA TEGRA

ZONA DA INTERVENCION



Retirada da cuberta vella moi deteriorada e instalación do novo teitado unha vez retificado o muro

SANTA TEGRA


ZONA DA INTERVENCION



Detalles dos traballos de reparación do muro e instalación do teitado.

SANTA TEGRA

ZONA DA INTERVENCION



ZONA DA INTERVENCION



Vista xeral do sector da intervención, antes de escomenzar e unha vez rematada a actuación

ARQUEOLÓXICA E MUSEOLÓXICA REAL RECTIFICACIÓN DA CUBERTA
E CITADO DA CABAÑA DE SANTA TEGRA, 2010 (Pontevedra).

FIGURA 1.

Que mostra a localización de algunhas das áreas de recolección de materiais.

Dr. Luis Rodríguez López-Alvaiz

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO

Ilmo Sr.

Adxunto remito a Memoria final RECTIFICACIÓN DA CUBERTA
E TEITADO DA CABAÑA DE SANTA TREGA. 2010 (Pontevedra).

COMUNICA:

Que durante a realización de ditos traballos non se recolleron materiais.

Fdo: Luis Francisco López Álvarez

CONSELLERIA DE CULTURA E TURISMO

DIRECCION XERAL DE PATRIMONIO